

## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

#### SADA

##### Secretaría

*Proceso selectivo para a contratación laboral temporal de seis (6) auxiliares de policía local*

Polo Decreto desta Alcaldía núm.578/2017, do 10 de abril, aprobáronse as seguintes bases de convocatoria de selección de persoal:

#### **“BASES DA CONVOCATORIA PARA PROVISIÓN DE SEIS (6) PRAZAS DE AUXILIAR DA POLICÍA LOCAL, EN RÉXIME DE CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL.**

##### **1ª.- Obxecto da convocatoria.-**

A selección, mediante o sistema de oposición libre, en quenda libre, para a cobertura de seis (6) prazas de Auxiliar da Policía Local, en réxime de contratación laboral temporal, a tempo completo.

O presente proceso selectivo rexeráse polo establecido nestas bases, e, para os extremos non previstos nas mesmas estarase ao disposto na Orde do 28 de xaneiro de 2009 pola que se determinan as probas de selección, temarios e baremos de méritos para o ingreso, promoción interna e mobilidade nos corpos de policías locais, para a integración dos vixilantes e auxiliares de policía ou interinos, para o acceso como vixilantes municipais e a contratación de auxiliares de policía de tempada; na Lei 4/2007, do 20 de abril, de coordinación de policías locais e demais normativa xeral de aplicación e no Decreto 243/2008, do 16 de outubro, que a desenvolve.

##### **2ª.- Modalidade de contratación.**

A modalidade de contratación é a de acumulación de tarefas a tempo completo (eventual por circunstancias da produción) consonte ao artigo 1 b) e 3 do Real Decreto 2720/1998, de 18 de decembro, polo que se desenvolve o artigo 15 do Estatuto dos Traballadores en materia de contratación de duración determinada.

A duración do contrato será de 4 meses dende a súa formalización.

As retribucións serán de 1558,00€ brutos mensuais e pagas extraordinarias semestrais polo mesmo importe.

A distribución da xornada de traballo poderá ser de mañá e de tarde e de luns a domingo cos descansos establecidos pola normativa de aplicación.

##### **3ª.- Requisitos das persoas aspirantes.-**

As persoas aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos:

a) Ter a nacionalidade española ou ser nacional dun Estado membro da Unión Europea ou doutros Estados aos que se refire e nas condicións que establece o artigo 57 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.

b) Superar os 18 anos de idade.

c) Estar en posesión do título de Graduado en Educación Secundaria ou equivalente; ou en condicións de obtelo na data na que termine o prazo de presentación de instancias.

d) Non ter sido condenado/a por delito doloso, nin estar inhabilitado/a para o exercicio das funcións públicas nin separado/a do servizo das administracións públicas por expediente disciplinario ou resolución

xudicial, nin estar inhabilitado para o exercicio de funcións públicas por sentenza xudicial firme. Será aplicable, non obstante, o beneficio da rehabilitación, segundo as normas penais e administrativas, que o aspirante deberá acreditar mediante o documento oficial correspondente.

e) Presentación dun certificado médico no que se faga constar expresamente que o aspirante reúne as condicións físicas e sanitarias para a realización dos exercicios físicos que se especifican para a fase de oposición nas presentes bases, e que non se padece enfermidade, nin se está afectado/a por limitación física ou psíquica que impida ou sexa incompatible co desenvolvemento das funcións do posto de traballo. O anterior non excluírá as comprobacións posteriores do que se reflicte no certificado médico.

f) Posuír unha altura mínima de 1,60 m. as mulleres e 1,65 m. os homes.

Os requisitos anteriores deberanse reunir con referencia ao último día do prazo de presentación de instancias.-

#### 4ª.- Presentación de instancias:

As instancias solicitando tomar parte nas probas selectivas dirixiranse ao señor Alcalde e presentaranse no Rexistro Electrónico Xeral deste Concello ou nalgún dos lugares previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, durante o prazo de dez (10) días naturais a partir do seguinte ao de publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia. As bases publicaranse no Boletín Oficial da Provincia e na páxina web do Concello ( [www.sada.gal](http://www.sada.gal)).

Nas instancias os aspirantes farán constar que reúnen todos e cada un dos requisitos esixidos na Base 3ª, e achegarán inescusablemente os seguintes documentos:

-Xustificante de pago das taxas de participación (base 5ª)

-Fotocopia do DNI ou documento identificativo.

-Certificado médico acreditativo de non padecer enfermidade ou defecto físico que impida exercer a función propia a desempeñar.

- No caso de posuílo e para os efectos de exención da realización do exercicio de coñecemento de lingua galega: Fotocopia do título de perfeccionamento de lingua galega, CELGA 3, a súa validación ou superior.-

Se conforme a este precepto se presenta a instancia a través das oficinas de correos, deberá aparecer o selo na propia solicitude. Doutro modo, a data de anotación no Rexistro xeral será a que se teña en conta a tódolos efectos.

Co obxecto de coñecer a presentación das instancias noutros rexistros ou en correos e poder realizar o seu seguimento, nestes supostos, as persoas solicitantes deberán comunicalo durante o mesmo prazo de presentación de instancias, remitindo copia da solicitude presentada e xa rexistrada, mediante algunha das seguintes opcións:

1. Fax ao número: 981 621 274

2. Correo electrónico dirixido a: [persoal@sada.gal](mailto:persoal@sada.gal) indicando como asunto: PS 9/2017-outros rexistros/correos. Neste suposto enviarase copia escaneada da solicitude rexistrada.

Modelo de instancia: As persoas aspirantes teñen a súa disposición un modelo de instancia de participación en probas selectivas do Concello de Sada, que poderán solicitar persoalmente, telefonicamente ou descargalo da seguinte ligazón de internet: [www.concellodesada.com/archivos/impresos/impreso-para-la-solicitud-de-participacion-en-pruebas-selectivas-del-concello-de-sada-1448454645.pdf](http://www.concellodesada.com/archivos/impresos/impreso-para-la-solicitud-de-participacion-en-pruebas-selectivas-del-concello-de-sada-1448454645.pdf)

Coa presentación da instancia para tomar parte no proceso selectivo entenderase que os/as interesado/as aceptan e acatan todas e cada unha das bases desta convocatoria.

#### 5ª.- Taxas de participación:

As taxas de participación do proceso selectivo son de dez euros (10,00€), consonte á Ordenanza fiscal núm.6, reguladora da taxa por expedición de documentos administrativos, que se ingresará nalgunha das seguintes contas bancarias do Concello de Sada:

ABANCA ES24/2080/5161/8731/1000/5369

BANCO PASTOR ES55/0238/8109/9606/6000/0173

Indicar como concepto do ingreso: Taxas PS-9/2017

Serán devoltas unicamente no caso de que o/a aspirante non sexa admitido/a ao proceso selectivo.

A ausencia de aboamento das taxas de participación, dentro do prazo de presentación de instancias, determinará a exclusión do/a aspirante e non poderá ser obxecto de emenda. En ningún caso a presentación e aboamento da taxa suporá a substitución do trámite de presentación da instancia.

#### 6ª.- Admisión de persoas aspirantes.

Para ser admitido á selección bastará con que as persoas aspirantes manifesten nas súas instancias que reúnen todas e cada unha das condicións esixidas na Base 3ª.

Rematado o prazo de presentación de instancias, a Alcaldía ditará resolución aprobando a lista de persoas admitidas e excluídas, que será publicada no Taboleiro de Edictos da Corporación no prazo de dous días hábiles seguintes ao de fin do prazo de presentación de instancias, determinando lugar, data e hora de comezo da fase de oposición e designación do Tribunal cualificador.

**7ª.- Tribunal cualificador**

Estará formado por un Presidente e un Secretario, funcionarios do Concello de Sada, e por catro vogais, designados pola Alcaldía na mesma Resolución pola que se aproba a lista de persoas admitidas e excluídas. Todos os vogais deberán posuír nivel de titulación ou especialización igual ou superior ás esixidas para o acceso á praza convocada.

A efectos de percepción de asistencias, o Tribunal terá a categoría terceira das sinaladas no Real Decreto 462/2002.-

O Tribunal en ningún caso poderá aprobar ou declarar que superior as probas un número de persoas aspirantes superior ó de prazas convocadas.

O Tribunal ten facultade para resolver as dúbidas que xurdan e para adoptar os acordos necesarios para a boa orde do proceso selectivo en todo o non previsto nestas Bases.

**8ª.- Contido, desenvolvemento e cualificación das probas selectivas.-**

A resolución da Alcaldía aprobatoria da lista definitiva de persoas admitidos e a composición do tribunal, que se publicará no taboleiro de anuncios do Concello, fixará tamén a data, hora e lugar na que deberá constituírse o tribunal, así como data, hora e lugar para o comezo das probas selectivas.

As persoas aspirantes concorrerán provistas do seu D.N.I. documento fidedigno acreditativo da súa identidade, a xuízo do tribunal, e tamén dos medios materiais adecuados que sexan necesarios para a práctica daqueles. E serán convocados en chamamento único, quedando excluídos da oposición os que non comparezan, agás casos de forza maior debidamente xustificadas e apreciados libremente polo Tribunal.

As probas celebraranse a porta pechada sen outra asistencia que a dos opositores, membros do Órgano de selección e os colaboradores designados por este.

O Tribunal, polos medios que considere oportunos, velará polo mantemento do anonimato das persoas aspirantes na realización e corrección dos exercicios escritos.

A orde de actuación das persoas aspirantes será alfabético por aquelas cuxo primeiro apelido empece pola letra "K", de conformidade co establecido na Resolución da Consellería de Facenda da Xunta de Galicia de 20 de xaneiro de 2017, pola que se publica o resultado do sorteo celebrado na mesma data (DOG núm.20 30/01/2017),

**Probas selectivas:**

Comprobación da estatura. Ao comezo realizarase o control da estatura das persoas aspirantes, para comprobar a súa conformidade ao requisito esixido na base 3ª.

**A. Probas de aptitude física. Obrigatoria e eliminatória.**

As probas físicas cualificaranse de apto/non apto, de tal xeito que a non superación dunha proba supón á eliminación do aspirante do proceso, e polo tanto das probas sucesivas.

Para obter a cualificación de apto as persoas aspirantes deberán acadar as marcas mínimas ou non superar as máximas que se establecen para cada proba.

**a) Potencia tren inferior: salto vertical.**

Realizarase nun ximnasio ou lugar semellante con chan horizontal e cunha parede vertical e lisa.

A persoa aspirante colocarse en posición de partida, en pé, de lado xunto a unha parede vertical, cun brazo totalmente estendido cara a arriba e sen levantar os calcañares do chan, e marcará coas dedas a altura que alcanza nesa posición. O exercicio executarase, separándose 20 centímetros da parede e saltando tan alto como poida, marcando novamente coas dedas o nivel alcanzado.

Para a correcta realización da proba deberanse observar as seguintes regras:

– Pódense mover os brazos e flexionar o tronco e os xeonllos, pero non se pode separar do chan ningunha parte dos pés antes de saltar.

– Hai que realizar o salto cos dous pés ao mesmo tempo.

– Permítese dous intentos, só aos aspirantes que fagan nulo no primeiro.

A distancia entre a marca feita desde a posición de partida e a acadada co salto deberá ser igual ou superior á mínima (en centímetros) establecida no seguinte cadro para cada sexo e grupo de idade.

	18-36 anos	37-48 anos	49 anos ou máis
Homes	41 cm.	33 cm.	29 cm.
Mulleres	32 cm.	28 cm.	25 cm.

**b) Resistencia xeral: carreira de 1.000 metros lisos.**

Realizarase en pista de atletismo ou en calquera zona totalmente chaira de terreo. A persoa aspirante colocarse na pista no lugar indicado. A posición de saída realizarase en pé. Só se permite un intento. A persoa aspirante que abandone a carreira quedará excluída. A proba consistirá en correr a distancia de 1.000 metros no tempo máximo (en minutos e segundos) que se recolle na seguinte táboa para cada sexo e grupo de idade:

	18-36 anos	37-45 anos	46 anos ou máis
Homes	4´30´´	5´00´´	5´15´´
Mulleres	5´00´´	5´30´´	5´45´´

**B. Proba de coñecementos. Obrigatoria e eliminatória.**

A proba de avaliación dos coñecementos das persoas aspirantes deberá amosar o dominio dos contidos do temario que se inclúe no anexo I.

Consistirá na contestación por escrito dun cuestionario de 50 preguntas tipo test, con 4 alternativas de resposta cada unha, que serán propostas polo tribunal. As persoas aspirantes disporán dun tempo máximo dunha hora para a súa realización.

A proba cualificarase polo tribunal de cero a dez puntos, sendo preciso acadar cinco puntos como mínimo, para non quedar eliminado/a. A cualificación farase atendendo a seguinte fórmula:  $N = (A-F/3)/5$ .

Sendo N= nota final da proba; A= preguntas acertadas; F= preguntas erradas ou non respostadas.

As persoas aspirantes que non superasen esa puntuación quedarán eliminados do proceso.

**C. Proba específica sobre coñecemento do termo municipal e da toponimia local: Obrigatoria e eliminatória.** Consistirá en localizar sobre un plano, nun período máximo de trinta minutos, rúas e lugares do municipio, edificios e establecementos públicos de interese xeral ou turístico, así como praias e outros lugares de interese, que figuren na lista facilitada polo Tribunal inmediatamente antes de comezar a proba, ou ben contestar a cuestións sobre coñecemento do termo municipal de Sada. Esta proba cualificarase de 0 a 3 puntos, sendo necesario acadar como mínimo unha puntuación de un con cinco puntos para superala.

**D. Coñecemento da lingua galega:** Consistirá na redacción dun parte, denuncia ou informe, etc. proposto polo tribunal, relacionado cos cometidos da Policía Local nun tempo máximo de 30 minutos. Valorarase a corrección na redacción e no emprego da lingua. Esta proba cualificarase de Apto ou no Apto.

Terá carácter eliminatorio e será obrigatoria a súa realización para aquelas persoas aspirantes que non presentaran no prazo de presentación de instancias a fotocopia do título acreditativo de coñecemento da lingua establecido na base 4ª.-

**Cualificación final:**

A cualificación total do proceso selectivo será a suma das cualificacións obtidas nos exercicios puntuables.

En caso de empate na puntuación final do proceso selectivo entre dous aspirantes de distinto sexo, por existir infrarepresentación do sexo feminino no Corpo de Policía Local o empate resolverase a favor das mulleres, por aplicación do disposto no artigo 49 do Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade. Se o empate é entre aspirantes do mesmo sexo, dirimirase pola maior puntuación obtida na proba de coñecementos, e de persistir pola maior puntuación obtida na proba de coñecemento do termo municipal e toponimia.

**9ª.- Relación de aprobados/as.**

Establecida a puntuación final de cada aspirante elaborárase unha listaxe destes/as baseándose na súa puntuación e por orde decrecente, resultando aprobados/as os/as que, tendo en conta o número de prazas obtivesen as notas máis altas.

O Tribunal publicará no Taboleiro de Edictos da Corporación, no mesmo día en que se acorde, a relación de aprobados/as e elevará á Alcaldía proposta dos candidatos/as para a formalización dos contratos, xunto coa acta da sesión.

**10ª.- Presentación de documentos e formalización do contrato.**

No prazo de dous días naturais a contar desde a publicación do resultado da selección, as persoas aprobadas deberán xustificar que reúnen os requisitos esixidos na convocatoria, presentando os seguintes documentos:

- 1) Fotocopia compulsada do título esixido.-
- 2) Declaración sobre incompatibilidade.-

3) Declaración de que non foi separado do servizo de ningunha das administracións públicas e non se atopa inhabilitado para o exercicio das funcións públicas por sentenza firme.-

4) Acreditación de estar en posesión da titulación de coñecemento da lingua galega alegada.-

Noutro caso, salvo caso de forza maior, quedarán anuladas todas as súas actuacións, sen prexuízo das responsabilidades en que incorrera por falsidade.

As persoas seleccionadas, de conformidade co disposto no artigo 95 da Lei 4/2007, de 20 de abril, de coordinación de policía locais, deberán superar previamente á súa contratación un curso teórico-práctico na Academia Galega de Seguridade Pública, o cal ten unha validez de 4 anos segundo o artigo 48.2 do Decreto 243/2008, de 16 de outubro.

Cumpridos os requisitos sinalados, a Alcaldía procederá a formalizar os correspondentes contratos, para o que será debidamente notificadas as persoas aspirantes seleccionadas. Ata a formalización do contrato, as persoas seleccionadas non terán dereito a percepción económica ningunha.

#### **11ª.- Listaxe de reserva.**

Ao finalizar o proceso selectivo, elaborárase unha listaxe de reserva coas persoas aspirantes presentadas ao mesmo que superaran a fase de oposición. Os que formen parte desta listaxe poderán ser chamados por rigoroso orde de puntuación para cubrir prazas en caso de renuncias, incapacidade temporais das persoas contratadas a través desta convocatoria.

#### **12ª.- Norma final**

Primeira.- Para todo o non previsto nestas Bases será de aplicación supletoria o establecido na Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, na Lei 5/1997 de Administración Local de Galicia, Real Decreto 896/1991, do 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e os programas mínimos aos que debe axustarse o procedemento de selección de funcionarios ao servizo das Entidades Locais, Real Decreto 364/1995 polo que se aproba o Regulamento Xeral de Ingreso do Persoal ao Servizo da Administración Xeral do Estado e de Provisión de postos de traballo e Promoción Profesional dos Funcionarios Cívís da Administración Xeral do Estado e demais lexislación vixente de aplicación.

Segunda.- Agás a convocatoria, que se publicará segundo se establece na Base 4ª, os sucesivos actos e comunicacións que se deriven da celebración deste proceso selectivo faranse públicos a través do Taboleiro de Anuncios do Concello, sen prexuízo de que se dea información sobre estas publicacións a través da web municipal.

Terceira.- Todos os actos administrativos derivados desta convocatoria e da actuación do Tribunal, poderán ser impugnados polos interesados nos casos e na forma establecidos pola Lei do Procedemento Administrativo Común e normas vixentes concordantes.

#### **ANEXO I.- Temario exercicio tipo test:**

1. O municipio. Concepto e elementos. Competencias municipais. A organización e funcionamento do municipio. O Pleno. O Alcalde. A Xunta de Goberno Local. Outros órganos municipais.
2. Ordenanzas, regulamentos e bandos. Clases e procedemento de elaboración e aprobación.
3. A licenza municipal. Tipos. Actividades sometidas a licenza. Tramitación.
4. Lei de coordinación das policía locais de Galicia e normas de desenvolvemento. Réxime disciplinario: disposicións xerais e faltas disciplinarias.
5. A actividade da policía local como policía administrativa I: consumo. Abastos. Mercados. Venda ambulante. Espectáculos e establecementos públicos.
6. A actividade da policía local como policía administrativa II: urbanismo. Infraccións e sancións. A protección ambiental: prevención e calidade ambiental, residuos e disciplina ambiental.
7. Delitos. Circunstancias modificativas da responsabilidade criminal. Persoas responsables: autores e cómplices.
8. Delitos contra a seguranza viaria. Lesións e danos imprudentes.
9. Lei de seguranza viaria. Regulamentos de desenvolvemento. Estrutura e conceptos xerais.
10. Normas xerais de circulación: lugar na vía, velocidade, prioridade de paso, cambios de dirección e sentido. Adiantamentos. Parada e estacionamento. Vehículos e transportes especiais. Cinto e casco de seguranza.
11. Circulación por zonas peonís. Comportamento en caso de emerxencia. Sinais de circulación. Clasificación e orde de prioridade. Carencia do seguro obrigatorio.

12. A policía como servizo público. A policía local como policía de proximidade e de servizo. O auxiliar de policía e as súas funcións. Responsabilidades do auxiliar de policía”.

O que se publica para xeral coñecemento.

Sada, 11 de abril de 2017

O Alcalde

Óscar Benito Portela Fernández

---

2017/3032